

INFORMACIÓN XERAL PARA AS FAMILIAS

Normas básicas de comportamento no centro:

- No caso de alumnado que valide materias, nas horas que non teña clase e permaneza no centro deberá estar na biblioteca aproveitando o tempo con traballo escolar.
- Se a materia a validar coincide ca primeira ou última hora e sempre que as familias o soliciten e asinen unha autorización, este alumnado poderá entrar ou saír do centro.
- Cando un pai/nai/titor/a legal veñan recoller a un/unha alumno/a cubrirán o impreso de rexistro de saídas na conxexería do centro (edificio vello ou novo).

Normas contrarias á convivencia:

En xeral establécense dous tipos de condutas inadecuadas das que os/as titores/as deberán informar ao alumnado e familias:

- Condutas leves contrarias á normas de convivencia do centro.
- Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro.

O/A profesor/a empregará Abalar para facer chegar á familia dun/dunha alumno/a a súa conduta contraria ás normas.

Prohibición uso móbiles no centro:

No caso de que se constate que un alumno ou alumna está utilizando o móbil no centro sen motivos xustificados, será acompañado polo delegado/a á Xefatura de Estudos, o alumno/a apagará o móbil que quedará baixo custodia de Xefatura de Estudos ata que veña a familia a buscalo.

Faltas de asistencia:

O titor ou titora controlará e xustificará as faltas do alumnado e gardará os xustificantes.

Fará constar as faltas nas informacións dadas regularmente á familia.

A xustificación da falta de asistencia ten que se entregada ao titor/a nos 2 días seguintes á ausencia.

No caso de que un alumno/a menor de 16 anos falte repetidamente de forma inxustificada a xuízo do titor/a, e, se postos en contacto coa familia, a situación non se corrixe, comunicarse á Xefatura de Estudos para que sexa notificado aos organismos correspondentes.

Faltas xustificable (segundo o Protocolo publicado pola Xunta de Galicia):

Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

- a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
- e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepcionais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non.

As **faltas de asistencia aos exames** só serán xustificadas presentando documentación relevante ante o profesor/a da materia, que informará ao titor/a da circunstancia. Terase en conta o número de veces que o alumnado falta en datas de exame como factor decisivo á hora de aceptar a xustificación. É responsabilidade do alumnado poñerse en contacto co profesor/a da materia.

HÁBITOS DE ESTUDO

- Uso da Axenda escolar.
- Deben estudar **todos os días**: sempre teñen que estudar. (ESTUDAR= deberes, estudo e repaso de temas, realización de traballos...etc).
- Importante **hábitos de descanso e sono**: horario razoable para deitarse e habitación libre de distraccións (TV, consola, ordenador, etc....).
- Importante **hábitos saudables de alimentación**: fundamental o almorzo.